



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Extpe. 2021/G007/000027**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día quince de xullo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Alejandro García Sousa. Non asiste excusando a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 01.07.21.-**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou a acta da sesión citada.

#### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

##### ***Expediente de obra maior.-***

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**“Expte. de obras 59/2021 – ANDRÉS JOSÉ LÓPEZ VEIGA (representado por Ramón Montero Cereijo).** Para as obras de construción de vivenda unifamiliar e peche frontal de parcela, Lugar de Outeiro, Parroquia de Lago, Valdoviño, en solo clasificado como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Ramón Montero Cereijo**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 7 de xullo de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** licenza para construción de vivenda unifamiliar e peche frontal de parcela en LUGAR DE ~~COSTINHO~~, parroquia de ~~VALDOVIÑO~~, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA ) de data 7 de xullo de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:  
Taxas 1.110,22, € ICIO .- 5.107,01 €

**Cuarto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño,8 de xullo de 2021  
O Alcalde,  
Asdo.: Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.**

**3º.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Vista a instancia de don Benito Manuel Vega Fernández, formulada en data 9 de xullo de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 20210000001618 e 20210000001619 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don **BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo o interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

*ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía**

**4º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA ROCIO GRAÑA PITA**

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Vista a instancia de dona Recio Graña Pita, formulada en data 12 de xullo de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 20210000001632 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona **ROCIO GRAÑA PITA** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo a interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía**

### **FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Presidencia anuncia a presentación do seguinte punto por urxenza, aos efectos de avanzar nas contratacións de servizos pendentes. A Xunta de Goberno Local, aproba por unanimidade a urxenza, incluíndose dito punto Fóra da Orde do Día.

**.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONSERXERÍA, LIMPEZA E MANTEMENTO DO PAVILLÓN DE LONGOIRO POR DOUS ANOS (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA POR 2 ANOS MÁIS), POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EN BASE Á MELLOR RELACIÓN CALIDADE-PREZO.**

**Expte nº: 2021/C004/000004**

Vista a providencia de Alcaldía de data 13 de xullo de 2021.

Vista a memoria e o informe de necesidade que constan no expediente da súa razón, no que manifesta a necesidade de acudir á contratación por carecer de recursos humanos suficientes e axeitados para a xestión do pavillón de Longoiro, asinados polo Concelleiro de Deportes Sergio Saavedra Gutierrez.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria no que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Visto o documento contable de retención de crédito.

Considerando o informe de fiscalización en sentido favorable da Interventora de data 15 de xullo de 2021,

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cunha pluralidade de criterios de adxudicación con base á mellor relación calidade-prezo, do servizo para a xestión do Pavillón de Longoiro a fin de

llevar a cabo os traballos de conserxería, limpeza e pequenas tarefas de mantemento, cun orzamento base de licitación 57.489,78€ (IVE do 21% incluído).

**SEGUNDO:** Aprobar a non división en lotes do presente contrato. De conformidade co disposto na memoria xustificativa do contrato, coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese optimización do control da execución global do contrato, así como a coordinación da execución das prestación e produciríase un incremento nos costes da execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

**TERCEIRO:** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO:** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 341.22799 do orzamento municipal do exercizo 2021, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación para o ano en curso pola contía de 11.977.04 euros.

**QUINTO:** Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”.*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía antedita.**

PARTE DE ACTIVIDADE

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde*